

## VINTE COA LINGUA!



correlingua  2020

### Aberta a inscrición no Correlingua 2020

Xa podedes inscribir o voso centro no Correlingua 2020! En [correlingua.gal](http://correlingua.gal) está dispoñíbel o calendario das festas finais e o formulario de inscrición. En menos de 48 horas xa hai máis de 1.500 alumnas e alumnos de 15 centros inscritos! E vós? Animádevos a participar en todas as actividades do 20 aniversario do Correlingua!

### Dobre premio nos concursos de manifesto, BD e vídeo

O Correlingua organiza máis un ano os seus concursos de elaboración do manifesto, banda deseñada e vídeo. Para celebrar os seus 20 anos, ademais da tradicional viaxe dun día para primaria e dous para secundaria, esta edición premiaranse os grupos gañadores cunha **clase maxistral** no caso da BD e o vídeo e un **obradoiro de creación literaria** para o manifesto que impartirá no propio centro de ensino do grupo gañador unha persoa de recoñecido prestixio no sector audiovisual, artístico e literario.

As bases e os formularios de inscrición están dispoñíbeis en [correlingua.gal](http://correlingua.gal) e o prazo de inscrición remata o **1 de febreiro de 2020**. Recordade que as propostas deberán centrarse no lema do **Correlingua 2020: vinte coa lingua**, que celebra os 20 anos do Correlingua reivindicando o dereito a medrar e vivir en galego.

Para coñecer máis o Correlingua podedes atoparnos na nosa web ([www.correlingua.gal](http://www.correlingua.gal)), nas páxinas de Instagram e Facebook [Correlingua](#) e na canle de Youtube [Correlingua TV](#). Tamén podedes contactar con nós a través dos enderezos de correo electrónico [correlingua@gmail.com](mailto:correlingua@gmail.com) e [correlingua@correlingua.gal](mailto:correlingua@correlingua.gal)